Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 28 Maio 2015 03:16



Gondomar acollerá un ano máis o parque de reagrupamiento e o percorrido do primeiro tramo entre Chenlo e Morgadáns. Por Nigrán os coches circularán por un tramo clásico entre as parroquias de Vincios e Camos.


Un ano máis, a Escuadra Rías Baixas sitúa o centro operativo do Rallye no Recinto Feiral de Cotogrande IFEVI. A novidade nesta 51ª edición é que o terceiro pavillón do IFEVI acollerá as cerimonias de saída o xoves 28 ás 20.30 horas e a entrega de trofeos o sábado 19:30 h. Os pavillóns 1 e 2 resérvanse para as asistencias de cada un dos equipos participantes e onde o público poderá comprobar in situ o frenético traballo que afrontan cada un deles nos escasos minutos que teñen para revisar e pór a punto os vehículos antes de afrontar as seguintes seccións de carreira.

Parques de Reagrupamiento en Gondomar

Pola súa banda, os concellos de Gondomar e Porriño mantiveron o seu interese en achegar aos veciños a probar deportiva, apoiando a celebración dos parques de reagrupamiento nas súas respectivas localidades; situación que xa se produciu en edicións precedentes.

Os participantes no 51º Rallye Rías Baixas estarán no Parque de Reagrupamiento de Gondomar este venres 29 de maio ás 18:55 horas, tras disputar os dous primeiros tamos do día (Chenlo-Morgadáns e Nigrán). Os vehículos de competición permanecerán diante do

concello durante 30 minutos. Posteriormente e tras outra parada nas asistencias do IFEVI, acometerán a segunda pasada ás especiais de Chenlo-Morgadáns e o tramo de Nigrán entre Vincios e Camos.



51 RALLYE INTERNACIONAL RIAS BAIXAS

TC 2 - 4 NIGRÁN
(6,66 Km) VIERNES 29 DE MAYO 2015 (1ª Etapa)

Cierre	Paso 1º
17:04	18:34
	21:07



ZONAS PUBLICO Y APARCAMIENTOS RECOMENDADAS

[redacted]